

# Luces e misterios

## Unha poesía da intimidade



ROMÁN RAÑA

**V**olve Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) publicar un novo libro de poesía, *O pan da tarde*. Xa sabemos que estamos diante dun dos poetas maiores de Galiza. A súa traxectoria poética, incomparable, vai desde os inicios onde imperaba un clasicismo simbólico (ou un simbolismo clásico) que ofrecía ao lector edificios racionais que, vistos con detención, se descubrían alicerzados nos precipicios da alma ou, máis ben, que o pudor ou a distancia da mesura e da contención alonxaban da confidencia directa ou da interpretación lineal. Eses abismos nocturnos da mágoa de vivir foron aflorando paulatinamente en obras posteriores e o sosego clásico deu paso á turbación dos sentidos, ás incertezas mostradas en versos de maior desazón e aturdimiento. Falando claro: a vida tomou a poesía e entón viu a luz unha maior carga irracional.

Agora nada é inservíbel, nada é desinteresado, nada é superfluo. Baixeras xa non ten que demostrar nada e pode regalarnos os seus poemas encheidos de furor e de misterio, de estupro e de tremor, de súbita luz e de estremeceamentos. A materia coa que traballa (a argamasa sentimental que o conforma, o pasado agrario e vivencial da Mariña, o sempre mar que establece un fondo diálogo coa nostalgia, o territorio dos que xa non nos acompañan, a conciencia que se embaza de dor polas perdas...) é coñecida, aínda que persoalmente intransferíbel.

De que nos fala Baixeras neste novo volume? Pois do tempo que se nos vai como auga da fonte sen retorno, do amor como sublime forma de canibalismo, do incestuoso apetito infantil, da vas tentativas de comprender o mundo en que vivimos, etc. Mais todo isto elaborado en pezas de versos ben medidos (heptasílabos, hendecasílabos brancos), dunha poderosa musicalidade e cunha potente voz interior que non rexeita a expresión contundente: “Poeta que te abismas/na túa contraluz: omite esa cadencia./Omítenos, suspende/o que a hora condena.”

Poesía da intimidade onde observamos un peso considerábel do des-

asosego que o autor non desexa sacralizar ou idealizar, mais tampouco banalizar porque forma parte da súa veciñanza co mundo e da súa amizade coa vida. Por iso non estraña atopar outros momentos de fonda reflexión sobre o acto de escribir que, como o de vivir, levan en si a ferida inocencia do home ou é contemplado como unha inmersión na conciencia insondábel do que somos: “A letra é túnel,/non queda hostal, a aurora/gangrena os seus estigmas./Non avanzas.”

Tampouco son alleos a el os grandes temas tratados ao longo de todos os tempos e por autores de todas as latitudes: o desdoubramento da persoa como río que sempre muda e sempre queda (“Vaia por onde vaia”), a pulsión amorosa ou do anhelado como forza perpetua (“Nada quero saber senón de ti”), o desexo de abolir o que non queremos ser (“Cando ninguén me chame”), etc.

A expresión das emocións faise con pincelada lacónica, ás veces febril, sempre lábil e escorregadiza, que nos lembra tanto o haiku xaponés: “Miro para iso mesmo: noite obliqua,/árido faro”. Tamén encontramos certos contidos fundamentalmente pesimistas que outorgan a algúns momentos poemáticos un ton de desolación incomfortábel que se aproxima ao nihilismo: “Aquí dentro, máis nada,/o mesmo barro ausente,/a mesma letra rancia”. Precisamente todo o contrario é o que atopamos ao lermos este máis que fermoso exemplar:

a loita contra a morte (forza motriz da grande arte), a sorprendente presenza do amor, a denuncia do olvido, todo o que desperta no ser a profunda obriga de vivir.

RODRIGUEZ  
BAIXERAS, Xavier, *O pan da tarde*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 107 páxinas



**V**ERSOS CUNHA  
POTENTE VOZ  
INTERIOR QUE  
NON REXEITA  
A EXPRESIÓN  
CONTUNDENTE